



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



PROCESO DE ADMISIÓN CURSO 2022/23

Deixamos neste artigo a información de todo o proceso de admisión de novo alumnado e renovación de prazas para o vindeiro curso 2022 – 2023.

1-NORMATIVA REGULADORA

- *DECRETO 12/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación..*
- *DECRETO 254/2012, de 13 de decembro, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.*
- *ORDE de 18 de decembro de 2020 pola que se modifica a Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desarrolla o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sostenidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación.*

2- CALENDARIO DO PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN E MATRÍCULA PARA O CURSO 2020/21

Publicación de postos escolares vacantes	Antes do 1 de marzo
Presentación de solicitudes de admisión	01 – 21 de marzo



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



Presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremación	do 24 de marzo ao 6 de abril de 2022
Publicación das listaxes provisionais de persoas admitidas e non admitidas.	Antes do 25 de abril
Publicación das listaxes definitivas de persoas admitidas e non admitidas.	Antes do 15 de maio
Formalización da matrícula en Educación Infantil e Primaria.	20 – 30 de xuño
Formalización de matrícula en ESO.	25 de xuño ao 11 de xullo
Prazo extraordinario de formalización de matrícula en ESO	1 – 10 de setembro

3- XORNADAS DE PORTAS ABERTAS

Para obter información poñerse en contacto co centro para concertar una entrevista coa dirección do mesmo.

- Teléfono de contacto 986 376 153
- Mail de contacto: direccion@sanjosedelaguia.com

Agardámosvos!

4- PERIODO DE ADMISIÓN

O procedemento e prazos de reserva e de admisión do alumnado son:

4.1 ALUMNADO MATRICULADO XA NO COLEXIO

Lembramos que **o alumnado matriculado nun centro docente sostido con fondos públicos ten garantida a súa permanencia no colexio**, nos termos establecidos no artigo 5.1 do Decreto 254/2012. Polo tanto, o cambio de curso **non requerirá ningún novo procedemento**.

Vos enviaremos a través dos titores a ficha de actualización de datos de cara ao curso que ven: Rogamos que a entreguedes no prazo de 10 días.

Para facer una **adecuada previsión de prazos** para o curso que ven agradeceríamos que as **baixas** sexan comunicadas canto antes así como a intencionalidade de **matricular a un irmán** dun alumno/a xa matriculado/a no centro.



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



4.2. ALUMNADO NOVO

4.2.1. *Presentación de solicitudes do 1 ao 21 de marzo.*

A familias poderán cumprimentar as solicitudes de reserva na **secretaría do centro ou ben telemáticamente** ([/www.edu.xunta.es/admisionalumnado/](http://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/)).

Se desexan tramitar a reserva a través da sede electrónica, deberán utilizar o modelo co código de referencia ED550A

Se a familia presentou a solicitude por vía telemática (sen certificado dixital) deberá entregar no centro a documentación xenerada incluíndo o código de solicitude

No impreso poden relacionar ata 6 Centros por orden de preferencia, pero **cada alumno e alumna só pode presentar una única solicitude no Centro no que solicite praza en primeiro lugar, advertindo que a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle** (*Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos*). A solicitude de reserva de praza presentárase no centro de orixe.

A solicitude deberá ser asinada pola nai, pai ou representantes legais da alumna/o.

O proceso de admisión continuará durante os meses de abril, maio e xuño, cunhas datas e prazos que proximamente serán publicados.

4.2.2. *Presentación de documentación acreditativa dos criterios de admisión.*

No caso que que teñamos máis solitudes que vacantes solicitaremos a presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremación a entregar entre o 24 de marzo ao 6 de abril de 2022 na secretaría do Centro.

Os criterios de baremación segundo a normativa vixente son:

CRITERIO	Puntuación
Irmán/á no centro	Primeiro irmán: 8 puntos
	Segundo e seguintes: 2 puntos cada un. Máximo 14 puntos
Proximidade do domicilio familiar	Na área de influencia: 8 puntos
	En áreas limítrofes: 4 puntos
	Na área de influencia: 6 puntos



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



Lugar de traballo do pai/nai/titor/acolledor	En áreas limítrofes: 3 puntos
Renda anual per cápita da unidade familiar	Inferiores a 0,5 veces o IPREM: 3 puntos
	Igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM: 2 puntos
	Igual ou superior a 0,75 veces e inferior ao IPREM:
	Igual ou superior ao IPREM: 0 puntos
Proxenitor/titor/acolledor traballador do centro docente	3 puntos, con independencia que que traballen ambos.
Familia Numerosa	Categoría especial 3 puntos Categoría xeral: 2 puntos
Vítima violencia xénero	2 puntos.
Vítima terrorismo	2 puntos
Irmáns nados nun parto múltiple	8 puntos se son dous 10 puntos se son máis de dous.
Discapacidade igual ou superior ao 33% o	Do alumno/a: 4 puntos
superior ao 33% o percepción de pensión	Dun pai, nai, titor, acolledor ou novo cónxuxe ou persoa con relación análoga: 3 puntos
	Irmán ou irmá: 1 punto cada un deles
Condición de familia monoparental	2 puntos
Criterio complementario do centro	1 punto



COLEXIO PLURILINGÜE "SAN JOSÉ DE LA GUÍA"

R/ Dr. Corbal, 25.- 36207 VIGO

☎ 986 376 153

www.sanjosedelaguia.com



4.2.3. **Publicación de ADMITIDOS e NON ADMITIDOS**

Publicación dos listados provisionais de admitidos e non admitidos: antes do 25 de abril de 2022.

Publicación dos listados definitivos de admitidos e non admitidos: antes do 15 de maio de 2022.

Prazo para a formalización da matrícula ordinaria:

- Do 20 de xuño ao 30 de xuño de 2022 para Infantil e Primaria
- Do 25 de xuño ao 11 de xullo de 2021 para ESO
- Prazo extraordinario para ESO de 1 de setembro ao 10 de setembro de 2022

As instancias presentadas entre o 22 de marzo de 2022 e o 25 de abril de 2022, ambos incluídos, serán consideradas fóra de prazo

5.- **Horario de atención.**

A partir do mes de febreiro, a Dirección do Colexio vos atenderá con previa cita para consultar calquer dúbida xa sexa telefónicamente (986 376 153), por video conferencia ou ben no mail direccion@sanjosedelaguia.com

SECRETARÍA:

Dende as 10:00h ata as 14:00h todos os días.

Para calquer dúbida ponerse en contacto no teléfono 986 376 153 ou no mail secretaria@sanjosedelaguia.com